

Espazo FEE



A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



O emprendemento feminino en Galicia a partir dos viveiros de empresa.

Longa vida ao rock and roll!

Unha visión sobre Europa, a crise do euro, os shocks asimétricos e o papel de Alemaña.

Editorial

Nace o segundo número de **Espazo FEE** neste primeiro cuadrimestre do curso 2012-2013 e como todo curso que comeza adoita ir acompañado de novos proxectos con vocación de permanencia para os vindeiros anos. Neste sentido, cómpre salientar a posta en marcha do programa de simultaneidade entre os graos de Ciencias Empresariais e Turismo e o comezo da docencia en inglés dentro da facultade. Malia que ambas as iniciativas están nunha fase inicial, con elas a FEE da Universidade da Coruña fai unha aposta decidida por concretar, de maneira inequívoca e frutífera, a idea de calidade na súa oferta educativa: o deseño de iniciativas docentes con innegable atractivo para un segmento do alumnado cualificable como de “alto rendemento académico”. Lonxe de identificar a calidade con impresos, formularios e cuestionarios para consumo interno, estas experiencias evidencian que desde un centro universitario público en Galicia se poden desenvolver un discurso e unha praxe comparables, en termos de nivel docente e ambición social, aos que se atoparían en universidades de referencia dentro do deno-

minado espazo europeo de educación superior. Ambos os dous proxectos contribúen, sen dúbida, a colocar o noso centro entre os innovadores dentro do Sistema Universitario Galego por medio de feitos contrastables e non con campañas mediáticas ou falsos recoñecementos carentes dunha base real.

“...cómpre salientar a posta en marcha do programa de simultaneidade entre os graos de Ciencias Empresariais e Turismo e o comezo da docencia en inglés dentro da facultade.”

Esta forma de actuar evidencia que a universidade pública é quen de renovarse dun xeito eficiente e é capaz de render contas do retorno social que a súa actividade xera: alumnado mellor preparado e pronto para se inserir laboralmente nunha sociedade que precisa de profesionais que a fagan avanzar

para a maiores cotas de progreso social e económico. Nestes tempos que vivimos, este pode ser un interesante exemplo do trabucadas que poden estar algunhas visións que cualifican os servizos públicos de ineficientes ou directamente de dilapidadores. Canto máis se podería facer e avanzar se quen ten a responsabilidade de dirixir a política educativa, científica e económica do país apostase decididamente pola universidade sufragada polo conxunto da cidadanía! Como cambiaría radicalmente a situación de conseguirmos achegarnos en esforzo público en universidades ás medias dos países de referencia no seo da Unión Europea! E, sobre todo, canto ben se podería facer desde o mundo do coñecemento, da reflexión, da tecnoloxía e do rigor científico –desde a universidade pública, en definitiva- para atoparmos o camiño de saída da actual crise económica cara a un novo modelo de prosperidade económica, capaz de conciliar o desenvolvemento económico da sociedade coa súa cohesión e progreso, e mais coa preservación dos valores ambientais.

A Biblioteca da FEE recomenda

¡Basta! Una democracia diferente, un orden mundial distinto

Federico Mayor Zaragoza

Espasa, 2012

Sign.: 338-1957

Nestes tempos convulsos en que vivimos ve a luz esta recente selección do pensamento social e político de Federico Mayor Zaragoza, veterano ex-ministro que fora director da UNESCO e home implicado nos movementos de cooperación social e cultura de paz, e que pode ser para algúns lectores auga fresca nunha

travesía polo deserto. Desde a crítica a un sistema opresivo, materialista e, segundo o autor, fracasado, e baixo os valores de xustiza, liberdade, igualdade e solidariedade que impulsaron o sistema das Nacións Unidas e da UNESCO, Mayor Zaragoza defende a necesidade dunha democracia participativa en que a cidadanía “conte” e augura que o século XXI, grazas, entre outras cousas, ás novas ferramentas de comunicación que permiten expresar a opinión de millóns de persoas, pode ser, por fin, o século da xente.



Espazo FEE

Comité de redacción: Comisión de Normalización Lingüística da FEE

Coa colaboración: Servizo de Normalización Lingüística da UDC

Núm. 2 (novembro de 2012)

Ti, que estás lendo!!!

Tes nas mans o número 2 de Espazo FEE. Seguramente aló polo mes de maio xa liches ou viches por algures o número 1 e aínda te estás a preguntar de quen vimos sendo. Isto non pode ser, amig@. Vexamos: Espazo FEE é a revista da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Economía e Empresa. De acordo? Así como soa, con todas as letras. Repite comigo: comisión de normalización lingüística da facultade, mais como queremos coñecernos e levarnos ben pódenos chamar directamente CNL.

Que é unha CNL? Pois basicamente unha unidade de traballo, con representación do profesorado, PAS e alumnado que ten como finalidade servir de nexo de unión entre o Servizo de Normalización Lingüística e o centro para pór en marcha iniciativas e actividades de promoción e normalización da lingua galega na facultade.

Cóntoche: este ano que remata, entre outras cousas, pasou pola facultade Fernández Rei, académico *da galega*, a falarnos de léxico mariñeiro (se es dunha vila costeira todo o que dixó seguro que che había soar, se es de interior, xa non o teño tan claro, mais algo fixo que habías de aprender); inauguramos a

Aula Paz Andrade onde talvez algunha clase xa recibiches; tres alumnas da FEE levaron cadanseu premio no concurso de microrrelatos que lles foi entregado nun acto ben xeitoso e concorrido por certo; e Xoán Curiel veunos presentar o seu último disco *Magnético Zen*. Busca, busca por aí pola rede, escóitao e xa me dirás. Agardo que che guste...

E xa finalmente neste ano publicáronse, con este que sostés, dous números da revista FEE. Nas súas páxinas atoparás, entre outras cousas, artigos de opinión, novas sobre libros e información útil para se mover pola Universidade. Só dous números e mesmo xa hai un pique musical entre dous profesores da facultade. Da crise económica nin palabra. Ben, isto último co modo ironía en estado ON como comprenderás (entre ti e mais eu e con letra baixa, seica hai algún artigo que de chegar ás mans de Angela Merkel fixo que nos turra das orellas e suscita un conflito diplomático).

Que che parece? Non foron poucas as actividades, non cres? Foron estas como podían ter sido outras. Non che vou preguntar onde estabas por non pecar de indiscreción e porque seguramente nas seguintes xa nos vemos e falamos. Ou, mellor aínda, para as seguintes conta-



mos contigo, coa túa opinión, coas túas suxestións. Se tes algunha idea, se consideras que a presenza da lingua galega ben debería ser outra nalgún aspecto concreto da facultade ou da Universidade, coméntanolo, non o gardes para ti. Participa na CNL da FEE. Na páxina web da facultade e do SNL están os seus nomes. Porque o que a ti che preocupe, seguramente tamén nos preocupe a nós; polo que ti teñas interese, nós tamén podemos chegar a telo. Só prometemos unha cousa: escoitarte e vontade de traballarmos xuntos.

*Comisión de Normalización Lingüística
Servizo de Normalización Lingüística
<http://www.udc.es/snl>*

A Cátedra de Empresa Familiar

A Cátedra de Empresa Familiar da UDC é unha fórmula de colaboración entre a universidade e un conxunto de empresas galegas, cuxa finalidade é desenvolver actividades docentes e investigadoras sobre as características e problemática específica das empresas familiares. Foi creada no ano 2005, mediante un convenio de patrocinio, e o seu director é José Antonio Novo Peteiro, profesor do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas. Na actualidade está financiada por Inditex e pola Asociación Galega de Empresa Familiar que agrupa algo máis de medio cento dos principais grupos empresariais galegos. Neste curso académico, a Cátedra im-

parte no primeiro cuadrimestre unha materia optativa denominada Economía e Xestión da Empresa Familiar, correspondente ao cuarto curso do Grao en Ciencias Empresariais e mais unha materia de libre elección no segundo cuadrimestre, denominada Empresa Familiar e Emprendedores de seis créditos. A metodoloxía de clase está baseada na participación de especialistas universitarios nos distintos ámbitos de interese, así como de empresarios, consultores e profesionais vinculados á empresa familiar. Polo demais, hai dous anos a Cátedra iniciou a publicación dunha serie de documentos de traballo e outra de materiais docentes sobre temáticas de especial relevancia para a empresa

familiar, tales como o volume recentemente publicado sobre a fiscalidade e que se corresponde co número catro da serie. Unha información detallada de todas as actividades que realiza a Cátedra pode atoparse no seu sitio web www.catedraef.udc.es, ligazón accesible tamén desde a páxina principal da FEE. Finalmente, cabe engadir que a Cátedra forma parte dunha rede que se ha de ir configurando en case corenta universidades españolas, coordinadas polo Instituto da Empresa Familiar.

*José Antonio Novo Peteiro
Director da Cátedra de Empresa Familiar
Profesor do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas*

Unha parte de nós

El.

A primeira vez.

Cando o ves.

Cando cavilando te decatás do moito que o devecías.

Non o coñecías, mais semella que algo en ti xa sentira esa aura con anterioridade.

Fría, morna, quente. Non importa o día, nin a estación.

Cando te atopas ao seu carón, o verán pode ser inverno.

Foi así como comezaches a coñecelo. No inverno. Miñaxoia, coidabas que iso era todo. Que non había máis.

A brétema da mañá. Os orballos, chuvias e trebóns.

Cando te atopas ao seu carón, todo o demais parece cativo.

Podes mirar unha vez. Dúas. Tres.

Ollar detidamente. Con todo, non serás quen de ver onde remata.

Cando te atopas ao seu carón, o alegre pode tornarse triste.

Desgrazas que o tinguen de negro.

Esperabas velo como outras veces.

Vivo e forte.

Pechaches os ollos e volvíchelos abrir.

Morto e fráxil.

Cando te atopas ao seu carón, ao fin podes coñecelo.

Sempre estivo aí. Mais non te decataches. Estivo aí. Preto de ti. Tan preto de ti.

Ela.

Eras cativo, mais recórdala ben.

Primeiro tan só a oías. Logo xa a escoitabas. E chegou o momento no que ti mesmo a falabas.

Ela ten palabras fermosas que enriquecen a túa fala.

Ela dáche lembranzas ao carón da lareira cantando cancións, que soarían distinto se non é con ela.

Pasou o tempo e soubeches que tamén había outras. Pensaches se deixala.

Mais pouco tempo che durou o pensamento, porque sabías que sairías perdendo.

Sairías perdendo.

Ela é túa.

Con ela sabes cal é o teu fogar. Sabes a onde pertences.

Ela ten infindas palabras.

Só con ela podes sentir esa ledicia ao dicir que chuvia e que os demais te entendan.

E que alguén diga que orballa e ti o entendas tamén.

Esa é a variedade que ela ten.

Infidos xeitos de dicir o mesmo. Maneiras distintas en distintos lares.

Pero, á fin, sempre ela.

El.

O mar.

Ela.

A lingua.

Cada recanto no mundo ten algo seu. Propio e puro.

Isto é o que nós temos.

O que nos distingue máis alá das nosas fronteiras.

Os nosos tesouros máis prezados.

A riqueza da nosa terra non debe ser esquecida.

Sen ela a nosa historia baleira ficaría.

Lingua e mar.

Mar e lingua.

*“Unha parte de nós”
Primeiro premio do I Concurso de
Microrrelatos: Mar e Lingua
Dolores Pulleiro*

O emprendemento feminino en Galicia a partir dos viveiros de empresa

No ano 2011 Galicia foi a terceira comunidade autónoma con maior número de iniciativas empresariais promovidas por mulleres, moitas das cales se xeraron en viveiros de empresas, que facilitan espazo físico e asistencia para a aceleración do desenvolvemento con éxito dunha aventura empresarial. Nos viveiros galegos traballaban no ano 2010 un 63% de homes e un 37% de mulleres, unhas porcentaxes similares ás que se obteñen do informe *GEM Galicia 2009*, dos cales o 74% das mulleres ten estudos universitarios fronte ao 64% dos varóns (Ferreiro e Vaquero, 2010). Como causas polas que a presenza das mulleres é menor nos viveiros galegos temos a maior aversión ao risco por parte destas xunto cos problemas derivados da conciliación da vida familiar coa profe-

sional. Por tanto, a muller prefere un emprego máis estable no sector público ou en empresas privadas.

Polo demais, non existe unha política activa de fomento da actividade emprendedora feminina nos viveiros de empresas en Galicia, excepto o caso do viveiro da Universidade de Santiago de Compostela que dispón dun programa específico de apoio á muller emprendedora (*Woman Emprende*), a pesar de que o 62% das responsables dos viveiros en Galicia son mulleres (Ferreiro e Vaquero, 2012).

Neste sentido, aínda non se acadou unha situación de igualdade, polo que é importante e necesario seguirmos apostando por institucións que fomenten a actividade emprendedora ante todo das mulleres, campañas de

sensibilización e educación con que fomentar as iniciativas emprendedoras e prosequirmos coas políticas de discriminación positiva, co fin de evitar que cuestións non obxectivas como o medo ao fracaso penalicen esa actividade emprendedora. Finalmente, tamén hai que tratar de mellorar os mecanismos de conciliación da vida familiar coa profesional para así aumentar os índices de iniciativas emprendedoras femininas.

Francisco Jesús Ferreiro Seoane, profesor de Análise Económica e Organización de Empresas da UDC

Alberto Vaquero García, profesor de Economía Aplicada da Universidade de Vigo

A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social convoca a segunda edición do seu posgrao

A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social vén de convocar a segunda edición do Curso de Posgrao en Responsabilidade Social, entendida como a integración do bo goberno e dos compromisos sociais e ambientais no modelo de negocio de todo tipo de organizacións. O curso está dirixido a titulados universitarios e a profesionais de diversas disciplinas, e ten como principal obxectivo a mellora do nivel de especialización do alumnado nunha área de crecemento profesional que, ademais de innovadora, resulta clave para un desenvolvemento sustentable.

O programa do posgrao é de natureza eminentemente práctica e o cadro docente combina especialistas dos ámbitos profesional (empresas, administracións e organismos públicos, e entidades sen ánimo de lucro) e académico, con clara orientación internacional. O prazo de preinscrición e solicitude de bolsas estará aberto durante todo

o mes e novembro de 2012. O posgrao impartirase en formato presencial de dúas tardes por semana entre o mes de xaneiro e maio de 2013 na FEE (<http://catedrainditexudc.org/>)

A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social é unha cátedra universidade-empresa promovida en execución do acordo de colaboración asinado por Inditex SA e a UDC no ano 2010. O seu principal obxectivo é fomentar a formación permanente, a investigación aplicada e a transferencia de resultados en materia de responsabilidade social, con especial atención aos obxectivos de internacionalización e fomento das competencias dixitais asumidos pola nosa universidade.

A Cátedra impulsa e dá cobertura a diversos proxectos promovidos en colaboración co Consello Social da UDC. De entre os obxectivos acadados desde o ano 2010, resulta obrigado salientar a publicación da primeira *Memoria de*

Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, o lanzamento do mencionado Curso de Posgrao en Responsabilidade Social da UDC e a posta en marcha do ciclo de conferencias "En Código Aberto". Así mesmo, a Cátedra presta cobertura científica ás coleccións do Consello Social da UDC en materia de RSC e RSU, innovación e transferencia de coñecemento. Por último, desde a dirección da Cátedra impártese docencia sobre responsabilidade social en diversos mestrados oficiais da UDC (MBF, MAXE) e estanse a dirixir teses de mestrado e traballos de fin de grao sobre a temática.

Marta Rey

*Directora da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social
Profesora do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas da UDC*

Longa vida ao **ROCK N' ROLL!**

Dicía deus, máis coñecido na Terra como Neil Young, *rock and roll will never die*, mais sempre haberá ousados que pretendan dar por morta unha das maiores expresións culturais que deu o século XX. O amigo Suso Mirás seica é un deles, pois no primeiro número da revista *Espazo FEE* regalábanos un artigo con que defendía que as 'máquinas' –isto é, a música electrónica– “permitiron democratizar a creación musical”. Pobriño, un de tantos fans do tecno que pensan que o rock morreu nos 70...

Desde estas liñas lanzo un reto: vexamos quen gaña, o rock ou a música electrónica.

Para xogar en igualdade de condicións, incluso deixando fóra os clásicos (Led Zeppelin, Pink Floyd, Queen, Clapton, Hendrix...) demostrarei que o rock segue tan vivo coma sempre despois das máquinas; isto é, despois do terremoto musical de 1977: Sex Pistols, CBGB, a triloxía de Berlin de Bowie (que bebía, por certo, do movemento máquina de Neu! ou Kraftwerk) etc. Ofrezco aquí unha listaxe de dez discos de rock das últimas tres décadas, imprescindibles en calquera discoteca doméstica, e comparemos co que nos poden ofrecer desde o mundo do tecno...

London Calling (1979)–The Clash. Un dos mellores discos de rock da historia e, seguro, o que mellor expresa a súa natureza ecléctica: *punk, reggae, pop, jazz, soul...*

Back in Black (1980)–AC DC. Poucos grupos sobreviven á morte do seu cantante; ACDC regresou do inferno coa mellor colección de *riffs* de guitarra e o segundo disco máis vendido da historia.

Appetite for destruction (1987)–Guns n' Roses. No deserto pop da MTV dos 80, o primeiro disco da banda californiana arrasa en vendas e convértese en icona do rock posterior.

The Stone Roses (1989)–The Stone Roses. Unha delicia para os oídos que sentaría as bases do *Britpop* que dominaría a escena nos 90.

Blood Sugar Sex Magik (1991)–Red Hot Chili Peppers. O ano do imprescindible Nevermind (Nirvana), pero por aquilo de facer a listaxe máis ecléctica selecciono o disco clave do *funk rock*.

Jagged Little Pill (1995)–Alanis Morissette. Se Madonna demostrou que as mulleres podían dominar a industria do pop, Alanis, co disco-debut máis vendido da historia, demostrou que se podía facer o mesmo co rock. Desde aquela, na música, mandan elas.

OK Computer (1997)–Radiohead. Disque “non hai escalas musicais” só “oídos mal adestrados”. Radiohead revolucionou

a escena coa súa música experimental e por anticipar males-tar social e alienación na sociedade moderna. Para moitos, o mellor álbum da historia.


In the Aeroplane over the Sea (1998)–Neutral Milk Hotel. O disco de culto por excelencia. Indie un tanto psicodélico, melodías deliciosas e obtusas pero emotivas letras de Jeff Mangum sobre Anna Frank. Se non o coñeces... xa estás tardando!

Elephant (2003)–White Stripes. 2003 foi un ano exquisito (Muse, Green Day...) mais o punk e as grandes bandas xa están representadas nesta listaxe. Sitio para o *garage rock* do maior *guitar hero* da década e gardián das esencias do rock, Jack White.

Funeral (2004)–Arcade Fire. Con *The Suburbs* (2010) o indie dominou as vendas e os Grammy, mais a mellor esencia da gran banda canadense remóntase xa ao seu primeiro disco.

De Chuck Berry a The Strokes... longa vida ao *rock n' roll!*

David Peón
Profesor do Departamento
de Economía Financeira e Contabilidade



ROCK is deader than dead

Non hai como andar na cociña para cheirar o pote. Iso debía pensar Brian H. Warner (*aka* Marilyn Manson), cando afirmaba sen pudor *Rock is deader than dead...* Amigo David, as expresións culturais veñen e van. Abofé que os homes das cavernas farían ritmos sincopados, e aínda hai quen aprecie a Beethoven (Barón Rojo tocando Breakthoven), as expresións folclóricas da música etc., mais... o futuro chegou hai tempo. Até os trasnoitados asumen que hai que renovar ou morrer. Lembras aqueles pioneiros de finais dos sesenta (The Doors, Emerson, Lake & Palmer, Pink Floyd ... o *krautrock* alemán) empregando xa as máquinas?

O rock non morreu nos setenta porque o punk veu ao rescate, mais o certo é que moitas bandas de metal ou *new metal* (Ministry ou Fear Factory) ou da música industrial (Nine Inch Nails, Front Line Assembly...) asumen as influencias doutras correntes, fusionando o rock coa electrónica. O rock segue a producir, mais comeza a ser anacrónico, unha gloria pasada, tal cal unha pintura renacentista. A miña oferta ten o problema da interminable listaxe de ramificacións da música electrónica. Así que, liberdade de elección...

Die Mensch Maschine (1978)–Kraftwerk. Os pais da criatura. Os inicios do pop electrónico desde Alemaña, e unha banda lendaria de enorme influencia en moitos grupos e estilos posteriores. Este disco senta as bases conceptuais do xénero.

Construction Time Again (1983)–Depeche Mode. A banda de maior proxección do *synthpop*. Persoalmente, este álbum cambiou a miña concepción musical.

Power, Corruption & Lies (1983)–New Order. O suicidio de Ian Curtis motivou a refundación doutra banda de culto, Joy Division, que até daquela fora bandeira do *post-punk* e inspirara o *gothic rock*. É o grupo que encarna mellor que ningún outro o tránsito do rock á electrónica.

Front by Front (1988)–Front 242. Partindo da tradición tecnolóxica alemá, caracterizáronse por xerar sons máis agresi-

O rock segue a producir, mais comeza a ser anacrónico, unha gloria pasada, tal cal unha pintura renacentista.

vos e ritmos máis incisivos, o que deu inicio á *Electronic Body Music* (EBM).

Blue Lines (1991)–Massive Attack. Imprescindible, e un dos traballos máis influentes da escena musical británica dos noventa que abriu camiño ao chamado *Bristol Sound* ou *trip-hop*.

Exit Planet Dust (1995)–Chemical Brothers. O disco de debut deste dúo é unha das referencias do *Big Beat*, desenvolvido con mestría no seguinte álbum, *Dig Your Own Hole* (1997).

Better Living Through Chemistry (1996)–Fatboy Slim. Norman Q. Cook, batería de The Housemartins (a conexión, agora co pop) e DJ, sintetiza aquí o seu combo, mestura de *hip hop*, *breakbeat*, rock e *rhythm and blues*, e outro dos referentes do *Big Beat*.

In Sides (1996)–Orbital. Banda chave nos noventa. O *intelligent techno* levado ao seu cume é a súa produción máis equilibrada.

Second Toughest in the Infants (1996)–Underworld. O seu álbum de madurez, mestura elementos de *techno*, *house* e *drum&bass* con que logra en conxunto un resultado espectacular.

The Fat of the Land (1997)–The Prodigy. Banda cun estandarte musical enerxético e agresivo, froito dunha fonda actitude *punk*. Neste traballo mesturan sons *rave*, *hardcore techno*, *industrial*, *breakbeat*, *big beat*, *metal industrial* e *punk*.

Suso Mirás

Profesor do Departamento de Economía Aplicada I



Unha visión sobre Europa, a crise do euro, os shocks asimétricos e o papel de Alemaña

Dez anos desde que o euro comezara a circular entre a cidadanía e varios anos de crise económica e de débeda soberana foron suficientes para que emerxesen algúns erros á hora de construímos unha área económica cunha moeda común, até o punto de podermos falar de gañadores e perdedores. Coido que o principal gañador foi Alemaña, pois o euro supuxo a fin das desvalorizacións utilizadas polos países do sur de Europa para saíren dos seus problemas, como corrixir as balanzas comerciais co exterior ao encarecerse as importacións e abaratarese as exportacións. Co euro as exportacións alemás víronse moi favorecidas, o que provocou grandes desequilibrios externos nas balanzas comerciais, especialmente dos países do sur.

Alemaña tamén tivo os seus problemas varios anos atrás, xunto con Francia, e mesmo superou o límite do 3% de déficit público. Porén, o Banco Central Europeo saíu na súa axuda e rebaixou o prezo do diñeiro, movemento talvez erróneo pois daquela os países do sur de Europa medraban moito e tal rebaixa contribuíu a alimentar a burbulla inmobiliaria dun país coma o noso. Móstrase, así, un dos grandes erros desta unión monetaria: aplicar políticas monetarias comúns a países moi diferentes.

Agora teñen problemas os países do sur e, a pesar das baixadas de tipos por parte do BCE, penso que non se fixo o suficiente para axudalos, xa que se bota en falta unha intervención por parte da autoridade monetaria nos mercados primarios, así como apostar polo crece-

mento. Na realidade, tales intervencións do BCE foron nos mercados secundarios e a cambio de sacrificios dos países; se non son posibles nos mercados primarios é porque as autoridades decidiron imposibilitalo, de modo que o papel primordial do BCE consiste en manter a estabilidade de prezos (a diferenza da Reserva Federal que aposta tamén polo crecemento). É aquí, nese inmovilismo do BCE e doutras institucións da Unión Europea á hora de saíren a axudar os países en apuros, onde se atopa o maior erro que estamos a padecer nos nosos días, aínda que máis que falarmos de inmovilismo sería máis apropiado dicir que están facendo o que Alemaña manda.

Fernando Rey Castro
Estudiante 5.º ADE

“Esta crise que nos asoballa”

Aquelas persoas que nos dedicamos ao estudo e á investigación nas distintas áreas da economía estamos a vivir tempos máis ben escuros.

Algunha delas xa sabe a miña opinión sobre esta crise que nos asoballa, mais quixera agora aproveitar esta amable invitación do decanato da miña facultade para debullar algunhas ideas ao respecto. A miña tese é que esta crise é o resultado dun maquiavelismo financeiro que medrou amparado por esa ideoloxía da *ortodoxia económica* (que non vou facer explícita por aquilo de non ferir susceptibilidades) tan omnipresente como incapaz de darnos unha solución aceptable aos gravísimos problemas que ela mesma creou ao fomentar e premiar a imprudencia, o beneficio rápido, a omisión de responsabilidades, as interpretacións laxas da regulación, o *laissez faire, laissez passer*... Mención especial merece o papel das axencias de avaliación crediticia, e neste sentido recomendo encarecidamente a lectura dun recente documento de traballo do Banco Central Europeo, que aclara moito sobre a súa pretendida independencia e obxectividade¹. O maquiavelismo financeiro “recoméndanos” reducir as axudas públicas ás persoas dependentes, desempregadas e outros colectivos vulnerables, aumentar a “competitividade” no sistema de

bolsas, “optimizar o gasto” en educación e sanidade, desregular, avanzar na “liberalización” do mercado de traballo... É dicir, afondar na fenda socioeconómica, botar leña ao lume da inxustiza social, discriminar e segregar, privatizar servizos aos que unha maioría de cidadáns non pode acceder... todo iso co argumento teísta, cosmogónico, da “man invisible”. Ora ben, a realidade é teimuda: 5,8 millóns de persoas desempregadas (a metade delas sen axuda ningunha), 1,7 millóns de fogares con todos os seus membros no paro, un 26% das crianzas españolas vive por baixo do limiar da pobreza (1,2 millóns delas ao bordo da pobreza extrema)², unha taxa de paro do 52% entre a mocidade, desafuzamentos masivos, e un eventual “rescate” que nos privará de calquera soberanía económica, política e social. Esgrimíranse as dificultades dos orzamentos, mais no fondo hai un dogma ideolóxico: só no ano 2010, o Estado español aplicou 87 145,47 millóns de euros directamente ao sector financeiro; isto representa o 94% do total das axudas estatais nese ano, un 8,20% do PIB e 1846,67€ por cidadán³. Hai alternativas, e a nosa responsabilidade consiste en atopalas e dalas a coñecer.

Carlos Piñeiro Sánchez
Profesor do Departamento
de Economía Financeira e Contabilidade

¹ <http://www.ecb.europa.eu/pub/pdf/scpwps/ecbwp1484.pdf>

² O informe de UNICEF sobre a pobreza infantil en España é, simplemente, terrible: <http://old.unicef.es/infancia-espana/infancia-espana-2012-2013.htm>. O limiar da pobreza fíxase por volta de 15 000€ anuais para unha familia de dous fillos xunto cos seus pais, isto é, pouco máis de 1000€ mensuais.

³ IV Informe Anual sobre Ayudas Públicas en España, da Comisión Nacional da Competencia, 25 de outubro de 2012.

Despropósitos europeos na política económica

Os maiores beneficiados da unión económica e monetaria (UEM) foron os países que a fomentaron, Alemaña ou Holanda, xa que viron aumentadas as súas exportacións desde o momento en que, coa eliminación das fronteiras, se reducíron os custos.

Mentres en España non temos apenas sectores garantía de futuro, outros países investiron en educación, I+D e en sectores punteiros de tecnoloxía cun alto valor engadido. É agora cando vemos as consecuencias, aínda que semella que non aprenderemos destes malos tempos e subsistimos cada un como pode e dándolles o poder aos mercados para que nos digan como comprácelos sen apenas dubidar sobre a súa viabilidade como benfeitores sociais.

Os beneficios da apertura das fronteiras internas, a supresión de aranceis e a

potencialización dun mercado único esfumáronse nun abrir e pechar de ollos, e provocaron que os países periféricos, máis expostos á axuda comunitaria e a un mercado con altas taxas de demanda, se vexan obrigados a tomaren medidas de redución do gasto polo alto endebedamento e a falta de ingresos. Nesta nova guerra financeira, os países acredores non queren pagar a insolvencia e entraron no xogo marcando as pautas do que serán os próximos anos de economía institucional europea, austeridade. Entra aquí un novo dilema entre o autocontrol ou a intervención da economía por parte do estado, e a posición dos liberais.

Está previsto que se vaia outorgando soberanía a unha UEM que se esfarela, crear un estado central, máis facilmente influenciable e cun menor custo das

empresas dedicadas a financiar os partidos para o seu propio interese. Son tantos os problemas que isto ocasionará como os beneficios que nos poden achegar con solucións localizadas pero asumidas pola UE. Queda, en definitiva, moito camiño por recorrer, xente á que convencer e ensinar o que significa servir os demais, o ben común, a cooperación... pois dificilmente as xeracións xa nacidas poderán ver unha UE integrada como un só país e defendendo uns ideais comúns dos cales xa nin a súa propia cidadanía está convencida. Para que serven os políticos se todos sabemos o que temos que facer?

*Javier Cordal Lagares
Estudiante 5.º ADE*

Proxecto “Ceda o paso”

Durante o presente curso 2012-2013 a profesora Isabel Novo Corti amosouse interesada en presentarlle ao alumnado do Mestrado de Xestión de Políticas Públicas da Facultade de Economía e Empresa o proxecto “Ceda o paso” que estou desenvolvendo. Con este motivo tiven a oportunidade de impartir unha charla para explicar o xeito en que deseñei e implementei unha iniciativa cun fondo de acción social desde unha institución pública como é o Concello da Coruña. Na miña opinión, este tipo de colaboracións son moi valiosas porque facilitan a conexión do mundo académico coa realidade social e impulsan, deste xeito, a interacción necesaria na aposta por unha educación pragmática, realista, contextualizada e de futuro.

O tema que expuxen foi un proxecto recente que estou desenvolvendo na miña calidade de policía local da Coruña consistente nun programa de educación viaria como medio de integración do colectivo de inmigrantes na nosa cidade. Con el pretendemos facilitar a súa adaptación co propósito de mellorar as relacións entre a persoa nativa e a inmigrante, para así evitar unha situación límite de desatención social ou a creación de guetos que supoñan casos de marxinação e de delincuencia que, finalmente, se traduzan en situacións de rexeitamento e xenofobia.

As novas liñas da educación viaria dos países máis desenvolvidos, que amosan cada vez unha maior preocupación por este campo, enténdena integrada dentro dun marco máis amplo, o da educación social ou cívica, dado que os estudos



psicolóxicos atopan correlacións e confirman que as persoas con valores cívicos de solidariedade, respecto, colaboración, cohesión social... os acaban trasladando á súa conduta viaria. Por este motivo e coa finalidade de conectar coa realidade dunha sociedade cada vez máis plural, deseñei un programa cunha formación continua de 50 horas que abrangue diversos aspectos formativos considerados imprescindibles neste obxectivo de integración, desde as normas de urbanidade e convivencia até o tráfico, as normativas, a documentación e a seguridade viaria.

O interese amosado polo alumnado e o profesorado foi un motivo máis de ilusión para que as persoas que traballamos con este tipo de problemas cotiáns nos sintamos máis satisfeitas e motivadas co noso traballo.

*Silvia Castro
Coordinadora de educación viaria
da Policía Local da Coruña*

Coa “reuma” na cabeza, non no lombo

Na nosa comunidade autónoma existen arredor de 400 nenos con doenzas reumáticas, das cales unha das máis frecuentes é a artrite idiopática xuvenil, encadrada dentro das máis de 250 enfermidades reumáticas (pádecena 100 nenos de cada 100 000).

A artrite é a inflamación das articulacións e os seus tecidos que, como doenza, pode presentarse de varias formas, producir danos na pel na súa forma sistémica e danar órganos vitais, tales como o corazón, pulmóns, fígado, ollos etc.

É unha enfermidade de moi difícil cura por non ter datos exactos da súa procedencia, de modo que cómpre avanzar na súa investigación, pois leva pouco tempo sendo estudada no eido da medicina. É por iso, que os seus tratamentos son caros e con moitos efectos secundarios, mais o certo é que sen eles

moitos pacientes non poderían camiñar, escribir ou, simplemente, torcer a cabeza para saudar.

“Desde estas páxinas, queremos darlle a coñecer á sociedade a problemática das persoas que sofren esta patoloxía...”

Temos que desmitificar que as doenzas reumáticas sexan de persoas con idades avanzadas, xa que esta non coñece nin idade, nin cor, nin condición social. Son patoloxías que poden padecer tamén as crianzas desde o primeiro ano de vida, malia resultar difícil entender como pode ter o meu neno artrite. É precisamente esta dificultade no diagnóstico pode prexudicar gravemente a súa evolución posterior.

Desde estas páxinas, queremos darlle a coñecer á sociedade a problemática das persoas que sofren esta patoloxía,

así como a necesidade de promover a creación dun servizo de reumatoloxía pediátrica inexistente no sistema sanitario galego, que conte cos recursos necesarios para paliar os efectos desta enfermidade ao tempo que lle ofrezca aos nenos que a padecen a oportunidade de se achegaren, na medida no posible, a unha infancia normalizada. Sabías que as doenzas reumáticas son a primeira causa de baixa e invalidez do noso país? Se non prevemos esta enfermidade, as consecuencias serán máis graves que unha doenza no lombo.

Grazas por axudarnos a debuxar un sorriso na cara dos nenos que sofren esta enfermidade.

*Elena Canto Rúa
membro da Liga Reumatolóxica Galega
Francisco Jesús Ferreiro Seoane
profesor de Análise Económica e
Organización de Empresas da UDC*

Cracovia como experiencia Erasmus para un profesor

O pasado mes de xuño tiven ocasión de realizar unha estada Erasmus como profesor na Akademia Górniczo-Hutnicza (en adiante, AGH) de Cracovia. Feitas as xestións oportunas, o Departamento de Economía, Finanzas e Xestión Ambiental da Facultade de Empresa da AGH convidoume a impartir un seminario sobre a creación de valor para o accionista e asemade puideron asistir como participante, xunto con David Peón, ao XIX Congreso Anual da Multinational Finance Society, que se realizaba en Cracovia naquelas datas e do que o devandito departamento da AGH era co-organizador.

Indo alén das cuestións estritamente académicas, cómpreme manifestar o interese humano derivado do intercambio de ideas, de visións e de puntos de vista como resultado do contacto con estudantes e profesores dunha realidade tan singular como a de Polonia. Con independencia do atractivo incuestionable do punto de vista urbano, histórico e cultural da fermosísima cidade de Cracovia (o seu centro histórico é patrimonio da Humanidade desde 1978), para min o máis interesante foi atopar unha sociedade de nova, cunha mocidade optimista que

ve na Unión Europea unha oportunidade para o seu desenvolvemento laboral, económico e cultural; un país orgulloso da súa tradición, da súa lingua e das súas crenzas, malia os infortunios históricos que a nación polaca soporou ao longo dos séculos de partición, negación da súa identidade, invasións estranxeiras, prohibición do ensino superior en polaco etc.

Non estou a negar os grandes e graves problemas que obviamente ten esa sociedade como consecuencia da súa experiencia histórica e económica no século XX (carencias en infraestruturas, sectores económicos pouco competitivos, fenda en I+D+i etc), mais, paréceme que o xeito de enfrontalos é moi diferente ao que existe por estas latitudes. O pobo polaco, acostumado a encarar situacións históricas extremadamente difíciles e crueis que mesmo comprometeron a súa propia supervivencia como nación europea, sabe como relativizar os rigores da presente situación de convulsión económica xeral. A confianza nas propias capacidades, o optimismo da súa poboación máis nova, a vontade de estar plenamente na UE sen renunciar



aos seus valores históricos, lingüísticos, culturais e relixiosos, e a experiencia de saber erguerse logo de todas as caídas que tivo na historia son, sen dúbida, activos que os polacos e polacas saberán pór en valor para melloraren a súa posición dentro da encrucillada en que se atopa unha Europa excesivamente preocupada por construír e manter unhas estruturas burocráticas inintelixibles para o común da súa cidadanía.

*Anxo Calvo
Profesor do Departamento de Economía
Financeira e Contabilidade*

Estatística e comunicación

(Ampliación do artigo en: <http://ir.gl/tecnicas1>)


Podemos dar unha descrición da estatística dicindo que é “ese conxunto de técnicas con que ‘espremer’ datos e sacar a información que conteñen”. Esa é a visión máis habitual que se ten sobre ela e tamén é a que se acostuma transmitir cando se ensina. Nembargantes, o contacto máis habitual que a xente ten con esta ciencia e cando axuda a comunicar, na prensa, en libros, na televisión... e se apoia a transmisión de información con cifras e gráficos.

Non se adoita mencionar este aspecto ao noso alumnado, aínda que veña implícito naquilo que explicamos como a súa utilidade: vemos con ela información en datos, polo que é obvio pensar que nos permitirá expresar esa mesma información a outras persoas.

Esa función comunicativa non require necesariamente técnicas complexas, senón que pode facerse empregando cousas moi elementais, como se poderá apreciar no exemplo que vou relatar.


O obxectivo deste “pequeno teatro” era reducir o número de suspensos nunha disciplina de Estatística. Non é que fosen moitos, pero sempre está ben reduci-lo e máis se boa parte deses suspensos provén do alumnado non presentado. Reparemos en que unha materia de Estatística adoita asustar, o que leva a moita xente a renunciar, antes ou ao pouco de comezar as aulas. Sabido isto, conseguir reducir o número de non presentados podería producir tamén unha redución no número de suspensos.

Con esta intención, ao presentar a materia amosei unha “aplicación elemental da estatística” que consistiu nesta gráfica:



Nela pódese ver como, aínda que se aproba máis que se suspende, a parte escura é demasiado grande e parece fácil de caer nela. As caras do alumnado non pareceron moi contentas co que vían.

Despois deste susto inicial coloqueei unha segunda gráfica:




Aquí desagreganse os suspensos en función da actividade realizada: na epígrafe “Esporádicos” recóllense aqueles estudantes que ocasionalmente facían algunha das actividades, mais sen constancia, e acaban “por desaparecer”. Este grupo e mais o dos “Non presentados” constitúen a maior parte dos suspensos.

Con esta gráfica as caras na aula foron, primeiro, de sorpresa, e despois de alivio (“pois non é para tanto”).

Serviu para algo este teatro? Non se pode afirmar que si cunha análise tan superficial, pero non é descartable.

Por que? Observade as seguintes gráficas e poderedes velo:



Este artigo ten “unha ampliación” en que se pode ver o vídeo da presentación na aula (as gráficas a cor, claro, que quedan mellor). Tamén hai algunha outra referencia, por exemplo un vídeo de Hans Rosling, un gurú da comunicación con estatística, que presenta un programa sobre estes asuntos na BBC. Podedes vela en <http://ir.gl/tecnicas1>

Xosé M. Martínez Filgueira
 Profesor de Técnicas Estadísticas Aplicadas
 (4º ADE)

Preguntas frecuentes na administración da FEE

Os traballos fin de grao (TFG)

Que é o TFG?

O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores/as. Nel deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia de grao. O TFG non é un traballo de investigación.

Cal é o contido dun TFG?

Cada TFG pode ter unha estrutura e uns contidos distintos:

- Proxectos de creación de negocios e estudo de viabilidade.
- Estudos técnicos, organizativos e económicos relacionados cos campos propios da titulación.
- Revisión bibliográfica e descrición do estado da arte nun tema determinado.
- Aplicación dunha metodoloxía científica.

A extensión do TFG será de entre 8000 e 15 000 palabras, excluídas a bibliografía e os anexos. En ningún caso o traballo poderá superar 70 páxinas. Na páxina web da facultade están dispoñibles as normas básicas de redacción do TFG, o modelo de presentación, a bibliografía etc.

Canto terei que traballar?

O TFG supón unha carga de traballo de 12 créditos ECTS, é dicir, 300 horas de traballo para o/a alumno/a. Estas horas inclúen todo o traballo que necesitas para superar con éxito a materia: titorías, cursos organizados pola biblioteca, traballo de procura bibliográfica, recompilación e análise de datos, estudo, elaboración e redacción de contidos, preparación da presentación... É dicir, todas aquelas tarefas necesarias para superar con éxito a materia.

Quen pode matricularse do TFG?

Poderán matricularse, nos prazos de matrícula ordinaria ou de ampliación de matrícula, aqueles estudantes que superasen, como mínimo, 180 créditos ECTS, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos.

Cales son os requisitos para a defensa do TFG?

Poderán defender o TFG os/as estudantes que superasen todos os demais créditos do plan de estudo, estean matriculados do TFG, e solicitasen a defensa nos prazos establecidos. É dicir, para defender o TFG é necesario aprobar todas as demais materias.

Quen será o meu titor do TFG?

O TFG será dirixido por un/unha profesor/a dos departamentos con docencia no plan de estudos. Existen dous procedementos de asignación de titores: o procedemento ordinario consiste na asignación directa, na xornada de asignación de titores. Durante esta xornada, chamarase a cada estudante por orde de expediente académico e este/a comunicará a súa preferencia entre as titorías dispoñibles no momento da chamada. Na páxina web da facultade está dispoñible a listaxe de liñas de traballo, titores e número máximo de estudantes por cada titor (convén consultala con anterioridade á xornada de asignación).

Ademais do procedemento ordinario, os estudantes poderán pórse de acordo cun docente da facultade para concretar unha liña de traballo. Neste caso, será necesario presentar a solicitude correspondente. Hai que ter en conta que este procedemento ten carácter extraordinario e o profesorado só ten a obriga de asumir as titorías que se asignan a través do procedemento ordinario.

Darase oportuna publicidade á apertura dos procedementos de asignación na páxina web da facultade.

Matriculeime do TFG despois do día de asignación e/ou non teño titor asignado. Que teño que facer?

Na páxina web da FEE está dispoñible a listaxe actualizada de oferta de temas e liñas de traballo. Podes escoller un deses temas e comunicarllo á administración do centro para formalizar a asignación. Lembra que podes falar cos profesores/as antes de escoller un tema co fin de te faceres unha idea máis precisa do seu contido. Tamén podes desenvolver un tema concreto que non

esteá incluído na listaxe, sempre que atopas un profesor/a que acepte asumir a dirección do teu traballo. Neste caso, terás que presentar a solicitude correspondente asinada por el ou ela.

Cando poderei comezar a traballar no meu TFG?

O TFG é unha materia do segundo cuatrimestre do último ano do plan de estudos. Por tanto, a carga de traballo concéntrase neste período. Con todo, poderás contactar co teu titor ou titora inmediatamente despois da súa asignación para definir o plan de traballo e comezar xa a traballar. Ten en conta que é responsabilidade túa establecer este contacto co teu titor/a, o cal terás que facer canto antes e non máis tarde da primeira semana de clases do segundo cuatrimestre.

Cando poderei defender o TFG?

Nas datas de avaliación prevista no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da Universidade. En particular, terás dúas oportunidades, ao igual que para o resto dos exames. Para solicitar a defensa do traballo deberás contar co visto e prace do teu titor e o seu informe, e deberás entregar na administración da facultade a versión escrita do traballo por triplicado e a versión electrónica en formato PDF.

Que pasa se estou matriculado no TFG e non consigo defendelo no curso académico correspondente?

Poderase solicitar por unha soa vez a prórroga de asignación de tema e titor/a. A solicitude estará asinada polo/o titor/a, mais en calquera caso, será necesario volver matricularse.

Lembra que se redactas e defendes o teu TFG en lingua galega, o Servizo de Normalización Lingüística da UDC ten aberta unha liña de axudas para fomentar o emprego do galego nos traballos de investigación. Tes máis información na súa páxina web <http://www.udc.es/snl>.

Se tes calquera outra pregunta ou dúbida, podes poñerte en contacto co teu titor do PAT; as respostas publicaranse na páxina web da facultade.